

Procedemento de avaliación de proxectos e traballos de investigación do Comité de Ética da Investigación e a Docencia da Universidade da Coruña, aprobado pola Comisión de Investigación o 18 de marzo de 2025

O Comité de Ética da Investigación e a Docencia da Universidade da Coruña (CEID-UDC), en exercicio das súas funcións e dentro do seu ámbito de competencia, elaborou o seguinte procedemento de avaliación de proxectos e traballos de investigación. O seu obxectivo é facilitar o proceso de solicitude e garantir o cumprimento dos requisitos éticos esixibles na actividade investigadora.

1. Presentación e prazo de solicitude

- a) As solicitudes de avaliación de proxectos ou traballos de investigación deberán presentarse mediante o formulario electrónico habilitado na páxina web do CEID-UDC. O CEID-UDC empregará os datos de contacto indicados nese formulario para comunicarse.
- b) A persoa solicitante debe ser a investigadora principal do proxecto. No caso de teses de doutoramento ou traballos académicos (TFG e TFM), será o/a autor/a quen solicite, co visto praxe da dirección ou titorización do traballo.
- c) Para ser incluída na orde do día da reunión ordinaria mensual do CEID-UDC, a solicitude deberá ser presentada o día 25 do mes anterior como data límite.

2. Contido da solicitude

- a) *Solicitude de avaliación.* Debe conter a identidade e sinatura electrónica da persoa investigadora principal, así como o título do proxecto (facilítase un modelo na páxina web do CEID-UDC).
- b) *Proxecto ou traballo de investigación.* Debe presentarse unha copia completa seguindo o Modelo Normalizado de Proxecto do CEID-UDC. O documento deberá estar paxinado e numerado en cada liña. A extensión máxima permitida é de 20 páxinas. Poderá presentarse en galego ou castelán, linguas oficiais da UDC. De forma excepcional, poderá enviarse en inglés ou combinar apartados en diferentes idiomas (inglés, castelán e galego), sempre que se xustifique na solicitude. No caso de presentarse en inglés deberá anexarse un resumo amplo en galego ou castelán dos apartados principais do proxecto.
- c) *Documentación adicional.* De ser o caso, deberá achegarse unha copia da convocatoria á que se presenta o proxecto.

Se a documentación presentada na solicitude estivese incompleta, o CEID-UDC informará á persoa solicitante para que a emende. A data de solicitude considerarase aquela en que o CEID-UDC reciba a totalidade da documentación requirida. No caso de que esta non estea completa na data

Código Seguro De Verificación	4+a0e3pSFQs0e5C6x1H26Q==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	Vicerr. de Investigación e Transferencia - Jerónimo Puertas Agudo	Asinado	20/05/2025 10:32:13	
Observacións		Páxina	1/3	
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/4%2Ba0e3pSFQs0e5C6x1H26Q%3D%3D			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			

límite establecida (día 25 do mes anterior), a solicitude será avaliada na seguinte reunión ordinaria.

3. Identificación da solicitude

- Cada proxecto ou traballo de investigación recibirá un código numérico identificador asignado polo CEID-UDC.
- Este código será comunicado á persoa solicitante e deberá ser empregado en todas as comunicacións posteriores.

4. Proceso de avaliación e emisión de informe

- O CEID-UDC avaliará o proxecto ou traballo de investigación e emitirá o informe correspondente nun prazo non superior a 10 días hábiles tras a reunión en que foi avaliado. As datas de reunión do CEID-UDC son públicas e están dispoñibles na súa páxina web.
- O informe poderá adoptar unha das seguintes cualificacións:
 - Informe favorable*: avalía positivamente os aspectos éticos do proxecto.
 - Informe non favorable, require revisión*: indica que existen deficiencias nos requisitos éticos esixibles e que este incumprimento pode ser emendado.
 - Informe desfavorable*: conclúe que o proxecto non cumpre os requisitos éticos esixibles e non pode ser modificado para garantir o seu cumprimento. De volver enviarse o estudo para avaliación do CEID-UDC será como unha nova solicitude á que se lle asignará un novo código.
 - Declaración de exención de avaliación*: indica que o proxecto non require avaliación por parte do CEID-UDC.
- O informe incluírá: os datos da persoa solicitante, o título do proxecto, o código de identificación, a data da reunión en que foi avaliado, a cualificación outorgada e as razóns da decisión adoptada.

O informe será redactado en galego, agás o favorable, que se elaborará ademais en castelán e inglés.

5. Solicitude para emendar deficiencias

- Se o proxecto recibe un *Informe non favorable, require revisión*, a persoa solicitante disporá dun prazo máximo de dous meses para corrixir as deficiencias sinaladas. Se non presentase a solicitude de revisión dentro deste período, o proxecto considerarase desfavorable.

Código Seguro De Verificación	4+a0e3pSFQs0e5C6x1H26Q==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	Vicerr. de Investigación e Transferencia - Jerónimo Puertas Agudo	Asinado	20/05/2025 10:32:13	
Observacións		Páxina	2/3	
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/4%2Ba0e3pSFQs0e5C6x1H26Q%3D%3D			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			

- b) No formulario electrónico deberá indicarse “Solicitud de revisión” e incluír o código de identificación asignado polo CEID-UDC no informe anterior.
- c) A solicitude de revisión deberá conter:
- (1) *Proxecto ou traballo de investigación revisado*. Deberá anexarse o mesmo documento do envío previo, **coa indicación dos cambios realizados nunha cor diferente**.
 - (2) *Documento explicativo das modificacións realizadas*, no que se responda de forma precisa e concisa a cada unha das observacións recollidas no informe previo do CEID-UDC e se indique o número de liña ou páxina correspondente do proxecto onde figura a modificación.
- d) O CEID-UDC avaliará novamente a documentación presentada e emitirá un novo informe. Se as deficiencias foron corrixidas e se cumpren os requisitos éticos esixibles, emitírase un informe favorable. En caso contrario, emitírase un informe desfavorable.

6. Desenvolvemento da investigación e comunicación da súa finalización

- a) É responsabilidade da persoa investigadora principal garantir que o proxecto se desenvolva conforme á documentación presentada e avaliada polo CEID-UDC. Calquera modificación significativa no deseño, metodoloxía ou outros aspectos relevantes deberá ser comunicada ao Comité para a súa revisión e aprobación previa ao acceso ao campo.
- b) Unha vez finalizada a investigación, a persoa solicitante deberá comunicarllo ao CEID-UDC mediante o formulario dispoñible na páxina web para tal fin.

Código Seguro De Verificación	4+a0e3pSFQS0e5C6x1H26Q==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	Vicerr. de Investigación e Transferencia - Jerónimo Puertas Agudo	Asinado	20/05/2025 10:32:13	
Observacións		Páxina	3/3	
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/4%2Ba0e3pSFQS0e5C6x1H26Q%3D%3D			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			